



## Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Fisioterapia do aparato bucofonador		Código	652G04039	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas				
Coordinación	Souto Camba, Sonia	Correo electrónico	sonia.souto@udc.es		
Profesorado	Souto Camba, Sonia	Correo electrónico	sonia.souto@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Co estudo da materia de ?Fisioterapia do aparato bucofonador? pretendese que o alumno de Logopedia coñeza os métodos e técnicas que emprega a Fisioterapia para a valoración e tratamento orofacial, respiratorio e da deglución en aquelas patoloxías de tipo orgánico e/ou psicosomático que afecten ao aparato bucofonador, identificando e integrando o papel desta modalidade terapéutica dentro da abordaxe multidisciplinar destes procesos.				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Identificar o marco conceptual e o paradigma de intervención que son propias da Fsioterapia.		B24	
Coñecer os métodos de avaliación e tratamento que son propios da Fisioterapia respiratoria e identificar a súa relevancia para o tratamento do paciente disfásico, o paciente traqueotomizado e outras patoloxías da voz.	A7 A8 A10		
Describir as diferentes fases da deglución do adulto e os diferentes niveis de regulación neurolóxica, establendo a súa relación coas causas de disfaxia.	A1 A7 A10	B2 B5 B7	
Identificar os principais compoñentes dun protocolo clínico de valoración da deglución	A8 A9 A10	B16	
Definir os principais axentes físicos empregados en fisioterapia para a reeducación dos trastronos da deglución e da fala	A7 A8	B2 B7	
Identificar os principais procedementos terapéuticos de fisioterapia indicados para o tratamento da dor orofacial.	A1 A7 A8	B2 B7	
Describir os principios xerais da intervención de fisioterapia para o tratamento das disfuncións da articulación temporo-mandibular. Identificar a relevancia da postura nestes procesos.	A1 A7 A8	B2 B7 B23	
Executar e interpretar as esporometrías simples e forzadas, nas súas dúas ramas, diferenciando a natureza dos procesos de tipo obstructivo e de tipo restrictivo.	A8 A10 A17 A29		



Executar a valoración do patrón ventilatorio, capacidade de expansión torácica, do diafragma e resto de músculos respiratorios, aplicando as escalas de valoración aceptadas internacionalmente.	A8 A10 A17 A29		
Elaborar un traballo de revisión en equipo, efectuando unha análise crítica sobre a temática obxecto de estudo, e empregando os recursos multimedia de documentación. Realizar a súa exposición na aula.	A30 A32	B13 B17 B23 B24	C1 C3 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade temática I: Fundamentos da Fisioterapia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Marco conceptual de Fisioterapia.</li> <li>- Modalidades terapéuticas da Fisioterapia.</li> <li>- Estudo da postura corporal e a súa relevancia para as diferentes función do aparato bucofonador.</li> </ul>
Unidade temática II: Fisioterapia Respiratoria	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A ventilación pulmonar: Mecánica respiratoria. Valoración dos volumen e fluxos pulmonares. Valoración do patrón respiratorio e da función muscular respiratoria</li> <li>- Fisioterapia Respiratorio: Concepto, obxetivos e procedementos.</li> <li>- Protocolo de Fisioterapia Respiratoria en diferentes afeccións do aparatobucofonador.</li> </ul>
Unidade temática III: Fisioterapia Orofacial e miofuncional nas disfuncións da deglución e da voz	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A deglución no adulto</li> <li>- Protocolo clínico de valoración e tratamento fisioterápico das alteracións funcionais da deglución</li> <li>- Reeducación das disfonías funcionais.</li> </ul>
Unidade temática IV: Fisioterapia analxéxica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A dor orofacial e a Fisioterapia analxésica</li> <li>- Protocolos de tratamento fisioterápico nas disfuncións da articulación témporo-mandibular.</li> </ul>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A8 A9 A10 A29 A30	14	8	22
Sesión maxistral	A1 A7 A8 A9 A10 A17 A7	14	28	42
Proba obxectiva	A1 A7 A8 A9 A10 B7 B16	0.5	15	15.5
Lecturas	A7 A32 B5	0	8	8
Glosario	A7 B5 B17	0	2	2
Traballos tutelados	A32 B2 B5 B7 B13 B17 B23 B24 B2 C1 C3 C7	2	20	22
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías
--------------



Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóse reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. Empregarase para os temas de maior complexidade do temario. Durante o seu desenvolvemento, integranse de xeito puntual metodoloxías de discusión dirixida. No caso de que a matrícula do estudiantado non posibilite a súa realización presencial, será substituída por clases expositivo participativas en tempo real a través da ferramenta Microsoft Team e/ou clases coa presentación audio previas. Se complementan con actividades dirixidas ao alumnado, coa finalidade de facilitar a aprendizaxe e integrar coñecementos.
Proba obxectiva	Proba obxectiva tipo test de opción múltiple
Lecturas	Durante o curso o alumno realizará a lectura dun número de artigos seleccionados, complementarios aos contidos desenvolvidos no aula, e que reforzarán o traballo durante o curso. O alumno deberá cumprimentar un cuestionario de cada lectura a través da plataforma moodle, respostando a unha serie de cuestión formuladas polo profesor. A demanda do profesor, a actividade de lectura, pode ser substituída por outra equivalente.
Glosario	Durante o curso académico, o alumno participará na elaboración dun glosario, no que se expliquen e contextualicen un conxunto de termos ou conceptos propios da materia, para que sirva de recurso a todo o estudiantado.
Traballos tutelados	Asingranse ao comezo de curso unha serie de traballos para o seu desenvolvemento en grupo e exposición final por parte dos estudantes.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Realizase atención personalizada para a aclaración daqueles conceptos que resulten de difícil comprensión durante as sesións maxistrais, e que o desenvolvemento das sesión de discusión ou prácticas non consiga resolver. Tamén no desenvolvemento do traballo grupal tutelado. As tutorías serán presenciais ou a través das plataforma teams.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A8 A9 A10 A29 A30	Realízase avaliación continuada atendendo aos seguintes criterios:  - Asistencia e puntualidade - Integración dos coñecementos teóricos - Participación activa nas sesións de discusión e de traballo	20
Proba obxectiva	A1 A7 A8 A9 A10 B7 B16	Evalúanse os coñecementos teóricos en relación aos contidos formativos impartidos durante as leccións magistrais e fruto das actividades desenvolvidas na aula e fora da mesma	40
Traballos tutelados	A32 B2 B5 B7 B13 B17 B23 B24 B2 C1 C3 C7	Avaliarase o traballo presentado polos alumnos, así como a exposición e defensa realizada a final de curso	30



Glosario	A7 B5 B17	Os alumnos que participen de xeito activo na elaboración do glosario serán avaliados, de xeito proporcional a súa participación no mesmo (número de entradas correctamente efectuadas).	3
Lecturas	A7 A32 B5	Os alumnos cumprimentarán un cuestionario de moodle por cada unha das lecturas efectuadas.	7

### Observacións avaliación

O resultado da avaliación será o resultado da suma de todas as partes, sendo necesario acadar un 5 para superar a materia.

En función dos requirimentos académicos de cada curso, as porcentaxes asignadas a cada parte poderán variar. En ningún caso a avaliación da proba mixta poderá ser inferior ao 40% da calificación, nin a avaliación continuada (prácticas de laboratorio e traballos tutelados) ser superior ao 60%.

O Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou con dispensa académica de exención de asistencia terá os mesmos requirimentos de avaliación que o tempo completo. Os requisitos evaluativos da primeira oportunidade, segunda e oportunidade adelantada son os mesmos.

?Todos los aspectos relacionados con ?dispensa académica?,  
?dedicación al estudio?, ?permanencia? y ?fraude académico? se registrarán de acuerdo con la normativa académica vigente de la UDC.?

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- - Le Hueche F., Allali A. ( 1994). La Voz anatomía y fisiología, patología, terapéutica . Barcelona: Masson</li> <li>- - Bleeckx D. (2004 ). Disfagia. . Madrid: McGraw-Hill Interamericana</li> <li>- - XIII Jornadas de Fisioterapia. ( 2003). Fisioterapia en la articulación témporomandibular.. Universidad Autónoma de Madrid: Madrid</li> <li>- - Bartuilli M, Cabrera PJ, Perrián C. (2007). Guía técnica de intervención logopédica Terapia Miofuncional. . Madrid: Síntesis</li> <li>- - Borrás S, Rosel V. ( 2005). Guía para la reeducación de la deglución atípica y trastornos asociados. . Valencia: naullibres</li> <li>- - Monge R. (2005). Ejercicios de terapia miofuncional. . Barcelona: Lebón</li> <li>- - Hislop H., Montgomery J. (1996). -Pruebas Funcionales musculares.. Madrid: Marbán S.L</li> <li>- - Wilson ? Pauwels, Akenson, Stewart, Spacey. (2003 ). Nervios Craneales. En la salud y en la enfermedad. . Madrid: Panamericana</li> <li>- - Asociación Española de Fisioterapeutas. (2003. ). Fisioterapia Orofacial y de reeducación de la deglución. Madrid: Elsevier</li> <li>- Cámpora H, Falduti A. (2015). Deglución de la A a la Z. Ediciones Journal</li> <li>- Jaime Paniagua, Franklin Susanibar, Patricia Murciego, Paula Giménez, Raquel García (Coordinadores). (2019). DISFAGIA. De la evidencia científica a la práctica clínica. GIUNTIEOS</li> <li>- Souto Camba, Sonia; González Doniz, Luz; López García, Asenet; Lista Paz, Ana (2017). Guía práctica de fisioterapia respiratoria . Manuais (UDC)</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- - Winstock A (2005). Eating and drinking dificultéis in children A guide for practicioners. . Liverpool: Speechmark Publishing</li> </ul>

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía dos órganos da audición e a linguaxe/652G04001  
 Fisioloxía dos órganos da audición e a linguaxe/652G04006  
 Patoloxía da audición. voz e deglución/652G04015  
 Alteracións de base neurolóxica e anatómica/652G04021

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Rehabilitación do aparato bucofonador e da deglución/652G04035

Materias que continúan o temario

Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos do Plan Green Campus da Facultade de Fisioterapia, os traballos documentais que se realicen nesta materia poderanse solicitar tanto en formato papel como virtual ou soporte informático. De realizarse en papel, seguiranse na medida do posible as seguintes recomendacións xerais:- Non se utilizarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a realización de borradores.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías